

**B) Anticipos reintegrables.****1.- Importe.**

Poderanse conceder anticipos reintegrables por un importe máximo equivalente ás retribucións líquidas de dúas mensualidades para os grupos A e B e de tres mensualidades para os grupos C, D e E, que deberán devolverse nun prazo máximo de dezaseis meses.

A súa concesión terá como límite o crédito consignado para cada ano na correspondente partida orzamentaria.

**2.- Instrumento de execución.**

Aplicación directa do acordo desde a súa entrada en vigor.

**C) Bonos de comedor.****1.- Importe.**

A subvención fíxase na contía do 50 % do prezo do menú.

**2.- Instrumento de execución.**

Aplicación directa do acordo desde a súa entrada en vigor.